

"Unha cousa é dignificar a lingua e outra, a pedantería"

ENTREVISTA | Uxía Casal

4 de setembro de 2018

<https://adiante.gal/unha-cousa-e-dignificar-a-lingua-e-outra-a-pedanteria/>

[Erik Dobaño](#) | “As únicas horas sagradas son as de facer a comida e a sesta”. Uxía Casal recibe nun salón ancho e luminoso na planta baixa dun chalé xunto ao mar do Barbanza un día gris de verán. Ten dúas cadelas que se abrigan dos anos buscando os seus aloumiños. “Eu remoio* moito. Cos relatos por exemplo vou moi amodo porque lles dou moitas voltas na cabeza”. Uxía Casal, escritora e antes mestra, lía tabaco e fuma entretida. “Penso moito, e cando me poño a escribir fago probas. Intento tirar pola idea que máis me convence e, se vexo que me atasco, paro”. A casa é silenciosa, a paisaxe apracíbel malia o caos urbanístico do litoral. Non importa moito o de fóra nin os arredores. Aquí vive unha escritora que debulla a lingua e os adentros, unha muller que perdeu o medo e non busca nin recoñecementos nin compaixón. Non fai parte do sistema literario galego e está de moda por unha casualidade.

Como é que reedita ‘Saturno tamén é deus’ vinte anos despois?

Prefiro a historia curta ou a larga?

A curta, por favor.

Eu non decidín. Foi todo unha casualidade. O libro leuno Tomás González Aloha, un dos editores de Urco, e gustoulle. Propúxome reeditalo, engadímoslle *O pequeno Mario* e volvémoslo publicar. Non é que eu propuxese nada.

Ten dito noutras entrevistas que o libro é máis actual que cando fora publicado no 97. Por que?

Penso que se entende mellor agora, ten máis público e gusta máis, porque parece que a xente está máis afeita a ese tipo de literatura. Daquela consumíase outro tipo de cousas, temas candentes na época. Eu non estaba niso.

Cal é a mellor crítica que lembra daqueles días?

É que só houbo unha...

Refírome ás da xente que leu o libro?

Pois desas lembro a da rapaza que me daba masaxes, que ademais era amiga. Díxome: ‘Uxía, isto avísase... porque pasei un medo!’.

Cambiaron moito as críticas?

Hoxe o que máis gusta é que o libro se lea tan ben. Iso é o que buscaba. É unha prosa rica, pero doada de ler.

Que significa para vostede que esta obra teña tan boa recepción?

Supón a confirmación de que é boa. Desde hai vinte anos para acá leuna moitísima xente e todo o mundo, todo, dicía que era moi boa. Considero que teño un ego bastante pequeno e por riba son perfeccionista, terriblemente esixente respecto do que escribo... creo que efectivamente é boa. Estou notando ese recoñecemento.

Son uns relatos escritos desde a angustia...

Adoítamos falar pouco dos sentimentos. Creo que é do que temos que falar porque os sentimentos son o que nos conforma. Falo da angustia vital, si. Eu tiña trinta anos e unha doenza... e padecía doutra aínda sen diagnosticar, pero ambas estaban relacionadas. Para min, escribir era un escape tremendo. E é inevitable que nos relatos aparezan estados de ánimo, e máis cunha imaxinación turbulenta como a miña.

Sorprende esa visión tan precisa do límite da vida nunha muller tan moza.

Son circunstancias vitais. Eu empezara a padecer aos catorce anos. Non tiven a adolescencia típica. E iso marca. Desde sempre me gustou escribir. De feito, *Saturno* xa era o meu terceiro libro publicado. Evidentemente foi unha obra moi terapéutica e cumpriu a súa misión perfectamente. Os meus medos quedaron alí. Consegún superar medos e parte daquela angustia, pero a angustia nunca se vai. Miro as noticias e vexo o maltrato, a violencia doméstica, os abusos... É tremendo. É que vivimos nun mundo horroroso. Se puidese, apeábame.

Vostede advirte que a vida se esvae nun intre, que a pelexa non está entre a liberdade e a seguridade. Como se vive a vida desde esa perspectiva?

Pois con moitísima tranquilidade. A maioría da xente ao que máis medo lle ten é a morte. Superar ese medo é importante. Precisamente cando estaba escribindo *Saturno* morreu Carlitos, íntimo amigo do meu home. Tiña 33 anos. Morreu de sida, foi unha xeración tronzada. Meu home, a quen de mozo xa lle morrera un irmán maior, ten unha idea totalmente natural da morte. Estamos aquí pero aquí non imos quedar. De súpeto pensas: 'por que terlle tanto medo se é que é inevitable?'. Vas aprendendo que estás aquí de prestado, para aprender e, unha vez que aprendes o que necesitas, tes que marchar.

Que aprendeu?

A min gústame escribir. Xogar coas palabras. Buscar diferentes maneiras de expresar unha cousa. Escribo moito sobre o cotián*, sobre pequenos detalles. Seguín escribindo ficción e contos que pretenden plasmar retallos de vidas. Situacións cotiás algo estrañas cun pouso de medo. Antes no blogue e agora no Facebook. Gústame a concisión e dicir moito con poucas palabras. Non me gusta a verborrea que tanto se estilou hai vinte anos. Había que ser escura para que te consideraran boa. Sempre me horrorizou a pedantería. Odio os* pedantes, que lle vou facer.

Supoño que tamén aprecia a concisión no que le. Cales son os seus referentes?

Non me gusta esa palabra: referentes. E que eu son rato de biblioteca e na miña casa sempre houbo libros. Tiña case todo ao alcance da man. Estaba prohibido, iso si, *O Decamerón*. Pero en canto meus pais saían, alá ía eu... E vaía aburrimiento para unha nena de dezaseis anos! Debín

ler milleiros de contos. Lin de todo, pero non lía libros de medo até que superei os* meus propios medos.

Lería todo iso en castelán. Por que a escolla da lingua?

Empecei a descubrir recursos fantásticos, tanto sintácticos como morfolóxicos como sonoros. E que non é o mesmo dicir: 'Las zarzas y las retamas le daban miedo' que dicir: 'As silvas e as xestas lle daban medo'. Ese son evocador do vento... Foi a raíz de afondar na lingua, primeiro como estudante e despois como profesora.

Aínda non falou das súas preferidas ou preferidos...

Dieste... Castelao... pouco máis.

Que topou neles?

O relato breve. En Dieste esa maneira de transmitir o medo. En Castelao, a súa sinxeleza. Pero dicir isto é non dicir nada. Eu nin son Dieste nin Castelao nin escribo coma eles. Todo o que lin fai que eu escriba como escribo.

Onde escribe?

Acompáñeme.

Ensina o seu despacho, no piso alto. No centro unha mesa en u, unha cadeira diante do ordenador e os dicionarios a man. Estantes nas paredes. Nunha estancia anexa, sen porta, con moita luz, máis estantes ordenados como nunha librería, algúns libros a vista de capa e colocados por xéneros. Contos. Novela negra. Recomendacións a bote pronto: Michael Connelly, Philip Kerr, Alicia Giménez Barlett, Anne Perry, Sue Grafton... "a do alfabeto do crime, unha novela por letra, que non chegou a rematar, morreu a finais do ano pasado".

Uxía Casal, cando moza, estivo dez anos na universidade. Fixo dúas licenciaturas e durante o inverno daba clases particulares e aulas da terceira idade. Nos veráns, cursos de español. No 84 empezou como mestra en Ourense. Primeiro na Laboral. Despois nas Lagoas. "Vivín en Ourense a parte máis sa da miña vida, por dicilo dalgún xeito". Foron dezoito anos. "Ía ao teatro, a cousas... pero empezou a xordeira e dificultábame moito, todo me molestaba. Eu era moito de bares e estar cos amigos. Culturalmente era unha cidade que estaba ben. Pero, aí!, a pedantería mata todo".

Séntese parte dun 'sistema literario galego', se é que hai tal?

Haino. Pero eu non fago parte. E iso que parece que estou moi ben considerada entre escritoras como María Reimóndez, Emma Pedreira, Eli Ríos... Leveime unha sorpresa. *Saturno* saíra en Galaxia, primeiro libro dunha colección chamada Descuberta. Foi un erro. Galaxia non tiña un selo de literatura de terror. A cousa foi moi lenta, como ten que pasar para que unha cousa se faga ben. Pero necesitabamos editoriais como Urco e outras que se especialicen. Iso fará que as editoriais tradicionais se aviven. Ao principio, cando se comezaba a escribir en galego, cometéronse moitos erros.

Por exemplo?

A *intelligentia* buscaba novelas soberbias e escuras. E esqueceuse que había que empezar a casa polos alicerces, non polo tellado, que había que facer literatura popular antes que novelazas

desas que ninguén entende pero que son consideradas grandes obras. Os lectores das editoriais eran moi exquisitos. Ese foi un dos erros.

Que pensa dos grandes nomes?

Manolo Rivas ten os seus acertos, aínda que deixou de interesarme. A Ferrín hai tamén tempo que non lle leo nada. Nunca me atraeu. Unha cousa é dignificar e outra, a pedantería. En xeral os grandes nomes eran uns *machirulos*. De Casares prefiro non falar. Houbo quen escolleu ese camiño para prestixiar a lingua e demostrar que se podía escribir de todo en galego. Vale, pero eu tendo a sinxeleza.

Quen foi verdadeiramente grande?

A min gustoume moito Cristina Fernández Cubas. Encántame. Cortázar, claro. É un mestre no relato. Noutro estilo totalmente diferente: Ana María Matute. *Olvidado Rey Gudú* é como auga cantando. Sempre busco a música no que escribo, a cadencia. Os relatos de *Saturno* están pensados para ser lidos en voz alta. Pero, descúlpeme, non lembro todos os nomes.

Como ve o momento actual da lingua?

Hai moita ignorancia e moitos prexuízos. Aquí en Ribeira, como teñen **gheada*** e seseo, pois parécelles que o galego é feo. E non hai quen lles meta na cabeza que as linguas teñen variantes. Por outro lado rexeitan o galego normativo porque vén de Santiago. Ninguén lles vai impor nada! Non hai maneira de que entendan que unha cousa é a fala e outra, a norma. Partindo de aquí, extrapolo [e bate cos nós na mesa tres veces].

Culpa da xente?

Desde as altas instancias, culturais ou políticas, nunca nada se fixo para dignificar o idioma. Oito séculos considerando o idioma como un dialecto de iletrados e pobres. Ese status é o que define todo. O galego era a fala dos labregos e dos mariñeiros, pero non da clase media. Non pretendo dar unha lección de sociolingüística, pero é que contra iso non hai forma de loitar. Os prexuízos non nacen con nós. De onde saca un rapaz hoxe que o galego é unha trapallada, cousa de pailáns? Pois supoño que do colexio e da rúa.

Daquela non serviu de nada todas esas xeracións que se empezaron a educar en galego nos oitenta?

Hai quince anos que me xubilaron e aínda recibo moito cariño de ex alumnas e alumnos. Case estou certa de que o fixen ben. Quero pensar que a maioría delas e deles non teñen eses prexuízos, que valoran o idioma. O único que pretendín foi ensinar lingua galega dunha maneira digna: dignificar. Se unha é digna e fai as cousas de maneira digna, consegue dignificar o que está a comunicar.

Pola súa experiencia docente e como filóloga, cando quedou atrás o galego respecto doutras linguas do Estado que teñen a mesma problemática?

A verdade é que non creo que se chegara ter dado nin un só paso adiante. Nunca houbo un compromiso real coa lingua e coa cultura galega por parte da política e dos políticos. Todos eles.

Que habería que facer polo menos para prestixiar?

Habería que ter respecto pola lingua. Aprender e sinxelo, nuns meses calquera pode defenderse ben. O mesmo vai soar moi antigo, pero se queres que te respecten, respéctate a ti mesmo. Démonos a respectar.

De que lado estaba cando se empezou a librar a batalla pola normativa?

Nunca xamais levei ás aulas o problema da normativa. Non era o sitio. Penso que eran discusións intelectuais que se teñen que dirimir a certas alturas, pero non podes levalas ás aulas. E ese foi un dos gravísimos problemas, que se levou ás aulas. A consecuencia foi que moitas alumnas e alumnos non aprenderon a escribir en galego, e non escribiron. Foi o que se conseguiu con esa xeración que hoxe ten corenta e tantos ou cincuenta anos. Eu víao así: aprobara unha oposición nunha normativa e debía ser coherente, son agradecida e se a Xunta é a que me dá de comer, pois sigo a normativa oficial.

O debate segue aberto...

Si, si. A min non me interesa... Agarrei tales cabreos discutindo por este tema que xa me dá igual. Xa non discuto. Para que?

Vería ben unha ‘convivencia’ entre as normas?

É que o galego e o portugués xa non son a mesma lingua. Pasaron cincocentos anos separadas. Pretender que o portugués é agora o nivel culto do galego, pois non. Fórono, pero galego e portugués hoxe en día non son a mesma lingua.

Daquela non lle preocupa esa limitación do idioma ao ámbito territorial do país respecto da que advirten os partidarios da aproximación ao portugués?

Nin en Angola nin no Brasil se fala exactamente o mesmo portugués que en Portugal. Formamos parte dese ámbito da lusofonía, iso non se discute, pero cada un coas súas variantes. Entendémonos? Si.